

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 24.04.2019 Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 24 de abril de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 43906 (10/POC-007028)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vega Pérez, Daniel e 6 máis
Sobre a situación da brucelose bovina en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 419, do 25.01.2019
- 1.2 43923 (10/POC-007039)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis
Sobre a valoración polo Goberno galego da campaña da vendima do 2018 na D.O. Valdeorras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 419, do 25.01.2019
- 1.3 46548 (10/POC-007417)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as previsións da Consellería do Medio Rural de atender os requirimentos da entidade local menor de Queimadelos, no concello de Mondariz, referidos á situación da base operativa de prevención e de defensa contra incendios forestais do distrito XVII, así como a súa valoración en relación coa declaración de nulidade do acordo de cesión de terreos para a súa instalación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 437, do 27.02.2019

Punto 2. Propositions non de lei

- 2.1 40267 (10/PNC-003255)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a recuperación polas oficinas agrarias comarcais das funcións de dinamización e de asesoramento que viñan prestando aos agricultores e gandeiros
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 386, do 21.11.2018
- 2.2 40327 (10/PNC-003258)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para reparar os danos ocasionados pola vaga de frío con nevaradas rexistrada o 27 de outubro de 2018 nas comarcas da montaña lucense, nomeadamente no Courel, O Incio e A Fonsagrada

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 386, do 21.11.2018

Publicación do acordo, BOPG n.º 450, do 27.03.2019

2.3

43042 (10/PNC-003467)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David

Sobre as medidas que debe adotar a Xunta de Galicia para a posta en funcionamento dunha marca de garantía que ampare os produtos hortícolas galegos antes do ano 2020

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 414, do 18.01.2019

2.4

47730 (10/PNC-003859)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas Oficinas Agrarias Comarcais

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 446, do 21.03.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2019

Daniel Vega Pérez

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Daniel Vega Pérez	P
Vicepresidenta	
Rosa Oubiña Solla	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Raúl Fernández Fernández	S
Carlos Gómez Salgado	P
Jacobo Moreira Ferro	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM
Antón Sánchez García	EM

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 24.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 24.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 43906(10/POC-007028)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 6 máis

Sobre a situación da brucelose bovina en Galicia

Publicación da iniciativa, 419, 25.01.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 10:45:57
Nº Rexistro: 43906
Data envío: 17/01/2019 10:45:57,279

A Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Miguel Prado Patiño, Jacobo Moreira Ferro e Rosa Oubiña Solla, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

No programa electoral co que obtivo a confianza maioritaria dos galegos en 2016, o Partido Popular de Galicia declaraba que ampliaría en todas as especies os programas sanitarios oficiais desenvolto nas explotacións, co obxecto de manter o excelente status sanitario de Galicia. O obxectivo é asegurar a rendibilidade das explotacións e evitar a existencia de trabas sanitarias á comercialización dos nosos animais e produtos. Manteremos o estatuto de rexión oficialmente indemne de brucelose ovina e cabrúa e reforzaremos o plan de erradicación da tuberculose bovina, de xeito que se consiga comezar a computar os prazos para ser declarada rexión oficialmente indemne desta enfermidade.

Dada as informacións dos últimos meses, que indican que se camiña na liña comprometida, desde o Grupo Parlamentario Popular cremos necesario preguntar para, deste xeito, informar aos gandeiros sobre os avances que se deron e se están a dar en materia sanitaria no conxunto das explotacións gandeiras de Galicia.

Ademais, estamos convencidos que ter un gando bo saneado é un pilar fundamental para as explotacións e que isto vai unido intrinsecamente á economía das mesmas.

Así, ante o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Cal é a situación da brucelose bovina en Galicia?
2. Que repercusións derivan desa situación sanitaria respecto a esta enfermidade, sobre as explotacións e o comercio?
3. Cal é a situación da tuberculose bovina en Galicia, e como se valora esta no contexto español?
4. Que previsións ten a Xunta de Galicia, en relación a posibilidade de acadar o estatuto de oficialmente indemne respecto a esta enfermidade?
5. Que métodos de diagnóstico se utilizan neste programa de tuberculose bovina? Existen métodos de diagnóstico alternativos a estes?
6. Utiliza a Xunta de Galicia protocolos específicos de actuación no programa de tuberculose bovina, que permitan abordar a erradicación da enfermidade, e ao mesmo tempo teñan en conta a situación sanitaria das nosas explotacións gandeiras?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 10:45:57
Nº Rexistro: 43906
Data envío: 17/01/2019 10:45:57,279

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 17/01/2019 10:12:02

Raquel Arias Rodríguez na data 17/01/2019 10:12:12

Moisés Blanco Paradelo na data 17/01/2019 10:12:19

Carlos Gómez Salgado na data 17/01/2019 10:12:26

Jesús Miguel Prado Patiño na data 17/01/2019 10:12:34

Jacobo Moreira Ferro na data 17/01/2019 10:12:40

Rosa Oubiña Solla na data 17/01/2019 10:12:47



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 24.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 43923(10/POC-007039)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da campaña da vendima do 2018 na D.O. Valdeorras

Publicación da iniciativa, 419, 25.01.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 10:50:59
Nº Rexistro: 43923
Data envío: 17/01/2019 10:50:59.416

A Mesa do Parlamento

Moisés Blanco Paradelo, Rosa Oubiña Solla, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jacobo Moreira Ferro e Daniel Vega Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

Galicia conta con cinco denominacións de orixe, Ribeiro, Rias Baixas, Valdeorras, Monterrei e Ribeira Sacra, todas elas amparan, representan e regulan o maior estándar de calidade dos viños producidos na nosa Comunidade.

A importancia do sector vitivinícola é evidente: como dinamizador do rural poñendo en valor o seu patrimonio cultural e enolóxico, como axente fixador da poboación ao rural e tamén como importante medio económico para as persoas que teñen como medio de vida esta actividade.

Tras un “annus horribilis” de 2017 na que as xeadas e o saraiba botaron a perder boa parte da colleita de uva nalgunhas das denominación de orixe as previsións para este ano foron mais optimistas.

O 2018 non comezou con bo pe para o viñedo en Galicia. As condicións meteorolóxicas adversas na primavera favoreceron a aparición de ataques de fungos que supuxo unha preocupación e un dobre esforzo dos viticultores.

Afortunadamente o tempo seco e soleado de xullo, agosto e setembro mellorou todas as previsións iniciais, permitindo levar a cabo as labores de vendima nas mellores condicións.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 10:50:59
Nº Rexistro: 43923
Data envío: 17/01/2019 10:50:59.416

Por todo elo en relación a D.O. Valdeorras que abrangue as zoas de produción nas concas do Río Sil, Xares e Bibei, os deputados asinantes, formulamos as seguintes preguntas:

- 1.- Cal foi a cantidade de uva recollida na pasada campaña da vendima de 2018 nesta D.O. Valdeorras?
- 2.- Cal foi a evolución con respecto a colleita de 2017?
- 3.- Que valoración fai da vendima de 2018 o Goberno de Galicia?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Moisés Blanco Paradelo na data 17/01/2019 10:39:07

Rosa Oubiña Solla na data 17/01/2019 10:39:14

Jesús Miguel Prado Patiño na data 17/01/2019 10:39:21

Raquel Arias Rodríguez na data 17/01/2019 10:39:28

Carlos Gómez Salgado na data 17/01/2019 10:39:36

Jacobo Moreira Ferro na data 17/01/2019 10:39:45

Daniel Vega Pérez na data 17/01/2019 10:39:52



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 24.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 46548(10/POC-007417)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as previsións da Consellería do Medio Rural de atender os requirimentos da entidade local menor de Queimadelos, no concello de Mondariz, referidos á situación da base operativa de prevención e de defensa contra incendios forestais do distrito XVII, así como a súa valoración en relación coa declaración de nulidade do acordo de cesión de terreos para a súa instalación

Publicación da iniciativa, 437, 27.02.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 12:31:03
Nº Rexistro: 46548
Data envío: 20/02/2019 12:31:03.906

CSV: MQ12wP2ka9
/verificación: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 12:31:03
Nº Rexistro: 46548
Data envío: 20/02/2019 12:31:03.906

esenciais da conformación da vontade de órganos colexiados, resultando polo tanto nulo de pleno dereito”.

O presidente da ELM de Queimadelos dirixiu escritos á consellaría de Medio Rural en febreiro de 2018 comunicando a decisión de anular o acordo de 1999 e proponendo unha xuntanza co obxectivo de chegar a un novo acordo de cesión satisfactorio para ambas as dúas partes. Un acordo no que se deberían fixar cuestións como a duración da cesión e as contraprestacións por parte da administración autonómica, tendo en conta que a ELM asume en exclusiva os perxuicios dun servizo que se presta a un amplo número de concellos.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Ten previsto a Consellaría do Medio Rural atender os requirimentos da ELM de Queimadelos a respecto da situación irregular da base operativa de prevención e defensa de incendios forestais do distrito XVII?
2. Como valora o goberno galego a declaración de nulidade do acordo de cesión de terreos do ano 1999, que deixa nunha situación irregular a citada base?
3. Cando vai reunirse a consellaría coa representación da ELM para atender a proposta de negociación dun novo convenio?
4. Ten intención a Xunta de Galiza de manter a actual base operativa ou contempla a posibilidade do seu traslado?





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 12:31:03
Nº Rexistro: 46548
Data envío: 20/02/2019 12:31:03.906

5. No caso de manter a actual base, está disposto o goberno galego a negociar contraprestacións á ELM para compensala polos perxuícios que causa a base?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 20/02/2019 12:29:21

María Montserrat Prado Cores na data 20/02/2019 12:29:27

Ana Pontón Mondelo na data 20/02/2019 12:29:28

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/02/2019 12:29:30

CSV LUG-2wP2ka9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 20/02/2019 12:31:03

Nº Rexistro: 46548

Data envío: 20/02/2019 12:31:03.906

Olalla Rodil Fernández na data 20/02/2019 12:29:31

Noa Presas Bergantiños na data 20/02/2019 12:29:33

CSX LUG 2wP2ka9
Vificuda
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 24.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 24.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 40267(10/PNC-003255)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a recuperación polas oficinas agrarias comarcais das funcións de dinamización e de asesoramento que viñan prestando aos agricultores e gandeiros

Publicación da iniciativa, 386, 21.11.2018



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

A política levada a cabo por este Goberno no que se refire ás oficinas agrarias comarcais, os seus cometidos e a política de persoal é un claro signo do abandono ao que está sometido o sector agrogandeiro. Non existe ningún tipo de planificación, senón que as baixas e amortizacións de persoal se fan sen ningún tipo de criterio, sen ter en conta o peso que poida ter a actividade agrogandeira na zona, o número de afectados ... etc.

O baleiro de contido e de traballos a realizar foi paulatino de tal forma que, en moitos casos, as oficinas agrarias comarcais, que noutros tempos desenvolveron un papel fundamental de dinamización e de asesoramento, vense reducidas moitas delas a un papel de simples tramitadoras e de inspección.

Ademais, danse casos nos que, debido á sobrecarga de traballo do escaso persoal co que contan algunhas oficinas, implica retrasos na tramitación dos expedientes, facendo que, ás veces, non se poidan cumprir os prazos esixidos nas convocatorias e ocasionando os correspondentes inconvenientes para os e as propietarias das explotacións.

Por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que as oficinas agrarias comarcais recuperen as funcións de dinamización e de asesoramento aos gandeiros e agricultores das zonas correspondentes, dotándoas dos medios materiais e humanos necesarios para o desenvolvemento das súas funcións.

Pazo do Parlamento, 14 de novembro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40267
Data envío: 14/11/2018 19:36:27.594

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40267
Data envío: 14/11/2018 19:36:27.594

Jóse Manuel Pérez Seco na data 14/11/2018 12:57:56

Raúl Fernández Fernández na data 14/11/2018 12:58:01

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/11/2018 12:58:10

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 24.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 40327(10/PNC-003258)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para reparar os danos ocasionados pola vaga de frío con nevaradas rexistrada o 27 de outubro de 2018 nas comarcas da montaña lucense, nomeadamente no Courel, O Incio e A Fonsagrada

Publicación da iniciativa, 386, 21.11.2018

Publicación do acordo, 450, 27.03.2019

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 27 de outubro unha vaga de frío con nevaradas en cotas moi baixas para esa época do ano provoca cuantiosos danos nas comarcas da montaña de Lugo principalmente. O Courel, O Incio, A Fonsagrada son algunhas das zonas con maior afectación.

A inesperada aparición dunha copiosa nevarada, cando as caducifolias vestían aínda toda a súa folla provocou un desastre natural nelas esgazando pólas a oito. Esta rotura e esgazamento traducíuse en bloqueos de estradas, pistas e camiños, rotura de árbores novas, rotura de polas de folla caduca nas beiras dos ríos e nos espazos onde reina o castiñeiro a perda case total da colleita.

As consecuencias son aínda "incomprensiblemente" visibles. A día de hoxe os camiños de terra non se tocaron, as estradas locais e provinciais están afectadas, os ríos e regatos teñen demasiadas pólas que poden levar a taponamentos e obstrucións cando o caudal aumente, o Camiño de Santiago está interrompido en varios tramos...



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40327
Data envío: 15/11/2018 14:07:50.973

Pero o máis salientable é a desfeita nos carballos, castiñeiros e demais caducifolias que será preciso tratar con podas axeitadas e repoñer con exemplares adecuados. Non se trata de regalar plantas senón de deseñar unha acción de restauración debidamente planificada.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

-Axilizar os traballos de limpeza de vías no que sexa da súa competencia e coordinar a restauración da normalidade nas comarcas afectadas.

-Facer unha estimación de danos e establecer liñas de axuda para paliar os máis importantes.

-Planificar e levar a cabo unha restauración no arboredo caducifolio das comarcas afectadas principalmente en carballeiras, soutos e froiteiras.

-Impulsar as xestións necesarias para que se acometa a limpeza de ríos e regatos das zonas afectadas.”

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40327
Data envío: 15/11/2018 14:07:50.973

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/11/2018 14:03:55

María Montserrat Prado Cores na data 15/11/2018 14:04:00

Ana Pontón Mondelo na data 15/11/2018 14:04:02

Olalla Rodil Fernández na data 15/11/2018 14:04:04

Noa Presas Bergantiños na data 15/11/2018 14:04:05

Xosé Luis Bará Torres na data 15/11/2018 14:04:06

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 24.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 43042(10/PNC-003467)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David

Sobre as medidas que debe adotar a Xunta de Galicia para a posta en funcionamento dunha marca de garantía que ampare os produtos hortícolas galegos antes do ano 2020

Publicación da iniciativa, 414, 18.01.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 13:46:42
Nº Rexistro: 43042
Data envío: 10/01/2019 13:46:42.903



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a**

Exposición de motivos.

En setembro de 2017 a Conselleira de Medio Rural anunciaba por enésima vez a creación dunha marca galega de garantía para o sector hortícola.

Dicimos por enésima vez porque dende o 2009 non deixou de haber anuncios pero ningunha realidade.

Na páxina web da Consellería de Medio Rural dise que “a Consellería do Medio Rural ten prevista unha estratexia de implantación de marca de calidade para a produción hortícola de Galicia. A existencia dun produto potencialmente diferenciado que lle achegue un valor engadido ao consumidor, que cômpe protexer e rendibiliñas, é un dos argumentos para a consecución desta marca de calidade en proceso de elaboración.

Con esta etiquetaxe identificadora, perséguese buscar un consumidor que permita asentar a produción no mercado, que localice no punto de venda unha imaxe común da horta galega, tanto para garantir a orixe como a calidade. Esta etiqueta demostrará a certificación do cumprimento das especificacións recollidas no regulamento que se atopa en proceso de elaboración, cunha participación directa do sector hortofrutícola.

CSX-REXISTRO-9P-4V-SOF-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 13:46:42
Nº Rexistro: 43042
Data envío: 10/01/2019 13:46:42.903



Esta marca de calidade estará sustentada nun regulamento especificamente creado contra o que se certificarán os produtos de horta galega, para ser identificados cunha contraetiqueta rexistrada como marca de garantía que complementará a propia marca da empresa produtora.

Será unha marca de garantía como sistema de identificación dos produtos que subliñarán a natureza hortícola da produción amparada, potenciando os cultivos ao aire libre e as hortalizas de inverno, de carácter máis específico, local e diferenciado en Galicia.

Dende a Consellería do Medio Rural búscase a participación directa do sector hortofrutícola neste proceso de consecución da marca de calidade, que vai permitir a diferenciación destes produtos galegos e contribuír a manter o sabor orixinal ligado ao territorio, como unha forma de preservar a nosa identidade agraria e cultural.”

Contrasta o elevado número de bondades descritas pola Consellería sobre a marca de garantía hortícola coa parálise produto da inacción e inoperancia da administración autonómica.

Cando chegou o PP ao Goberno galego xa se contaba cun borrador de regulamento feito dun xeito participado do sector.

O sector hortícola, que carece de políticas públicas de promoción e fomento dignas, é un sector cun enorme potencial no nos país.

Para desenvolver dito potencial precisa de políticas de acceso á terra, formación, asesoramento, financiamento e apoio para a comercialización dos produtos.



CSV REXISTRO-9P54V6DF-0

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 13:46:42
Nº Rexistro: 43042
Data envío: 10/01/2019 13:46:42.903



Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte
Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a poñer en funcionamento unha
marca de garantía que ampare os produtos hortícolas galegos antes do ano 2020.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Davide Rodríguez Estévez

Voceiro s. e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 10/01/2019 13:45:13

David Rodríguez Estévez na data 10/01/2019 13:45:24

CSV REXISTRO-9P4W50F-0
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 24.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 47730(10/PNC-003859)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas Oficinas Agrarias Comarcais

Publicación da iniciativa, 446, 21.03.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2019 18:20:30
Nº Rexistro: 47730
Data envío: 13/03/2019 18:20:30.986



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Luís Villares Naveira, Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García** e da súa deputada **Paula Vázquez Vero** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 7ª**, sobre o desmantelamento das Oficinas Agrarias Comarcais por parte da Xunta de Galiza.

Exposición de motivos:

O martes 12 de marzo de 2019 o FOGGA ou Fondo de Garantía Agraria publicaba unha resolución do 27 de febreiro de 2019 na que se daba publicidade do encargo é Empresa TRAGSATEC para a execución no ano 2019 de encargo de prestación de servizo na xestión de axudas do programa de actuacións para a aplicación da Política Agraria Común en Galicia no exercicio do ano 2019.

Así, na publicación do DOG recóllese como a actividade a realización de labores de apoio en servizos auxiliares, sobre xestión de expedientes ou mesmo auditoría na xestión interna, así como reforzo e apoio instrumental á xestión no ámbito dos servizos territoriais do FOGGA e das oficinas agrarias comarcais, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019.

Hai uns días En Marea denunciaba a falta de substitución de persoal nas oficinas agrarias comarcais (OAC) de varias localidades. Agora xa sabemos por que non se van substituír, porque se fai unha substitución con outro persoal, que fará as mesmas funcións que se realizan nas OAC. Tramitación de axudas da PAC, xestión das mesmas, etc.

CSV: wa5ZLue01
Comisión 7ª
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2019 18:20:30
Nº Rexistro: 47730
Data envío: 13/03/2019 18:20:30.986



Este desmantelamento das OAC é un paso máis que realiza o goberno da Xunta para acabar co único apoio que tiñan os dous sectores clave de Galicia como son o gandeiro e o agrícola. Agora, non queda máis que ir certificando a morte por extinción das OAC.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.ª:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dotar de persoal propio ás Oficinas Agrarias Comarcais e non desmantelar un servizo tan necesario para dous dos sectores que manteñen a este e a todos os países do mundo en pé: o agrario e o gandeiro.

Santiago de Compostela a 13 de marzo de 2019

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira


Antón Sánchez García

Paula Vázquez Verao

Deputados, deputada e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 13/03/2019 18:11:40





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2019 18:20:30
Nº Rexistro: 47730
Data envío: 13/03/2019 18:20:30.986



Luis Villares Naveira na data 13/03/2019 18:11:49

Antón Sánchez García na data 13/03/2019 18:11:56

Paula Vázquez Verao na data 13/03/2019 18:12:08

CSV: w02JLe001
Villares Naveira
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

